Andaina

MOECHE CONCELLO

Boletín periódico informativo

Nº; 11 novembro/17 www.concellodemoeche.com

Concello de Moeche. Rúa da Feira 32. San Xoán 15563 Moeche. A Coruña • Telf: 981 404 006 • correo@moeche.es

AXUDAS MUNICIPAIS PARA
Estudo e Transporte

O Boletín Oficial da Provincia do pasado 19 de outubro publica a orde coa convocatoria e mailas bases polas que se rexerá a concesión de axudas municipais ao ensino. Esta convocatoria ten como obxectivo apoiar a escolarización pública e a formación universitaria por medio de achegas económicas ás familias en función dos seus recursos. Delas beneficiaranse os rapaces e rapazas do municipio a través de dúas liñas:

- Axudas por estudo: no caso de infantil e primaria será necesario que o alumnado estea matriculado no CEIP San Ramón, mentres que para os demais niveis de estudos deberá xustificarse matrícula en calquera outro centro público.
- Axudas de desprazamento: para este tipo de bolsa haberá que estar estudando bacharelato, formación profesional, ensinanzas superiores -música, escénicas, artes plásticas e deseño- ou estar realizando estudos universitarios. A idade máxima é de 25 anos e das axudas están excluídos os estudos de posgrao.

A estas axudas poderán acollerse familias cunha renda per cápita que non supere os 9.000 €, aínda que as que estean por debaixo de 6 mil poderán acceder a contías lixeiramente maiores. Toda a información sobre as axudas está dispoñible na web municipal e tamén no BOP do 19/10/2017.

O prazo de solicitude remata o 17 de novembro e para solventar calquera dúbida podedes acudir ao Concello en horario de mañá.

DESENVOLVEMEN-

DESENVOLVEMENTO LOCAL

11 DE NOVEMBRO

Feira da Faba

En Moeche houbo de sempre fabas. En Moeche e no resto da comarca. Porén, aquí aos excedentes dábaselles saída nas feiras do outono, onde as pequenas explotacións familiares tiñan un importante punto de venda. Era tal a cantidade e a variedade que mesmo viñan buscalas compradores de Asturias e seguramente fose esa a razón de que á feira central desta época lle quedase o nome de Feira da Faba. Un nome que se mantén a pesar de que o cultivo fose a menos no territorio, parello co abandono do agro.

Con todo, desde o ano pasado o Concello tenta darlle contido á feira promovendo que se volvan vender fabas como antano. O obxectivo non é só o de termar da tradición, senón tamén alentar a reintrodución deste cultivo que sempre se deu ben en Moeche e que sempre tivo boa saída nas citas do 11 e do 23.

Así, a II Feira da Faba de Moeche celebrarase o sábado 11 de novembro con exposición e venda de todos os tipos de fabas e tamén de todas as procedencias. A partir das 9.30 h. contaremos con exposición e venda da Cooperativa Terras da Mariña, de Fabas Castelo, de Agronuquel, d'O gato lambón, Fabas Las Torres, Fabas Sanjurjo e Fabas Ferreira, ademais de Mel de Galicia e os produtos artesáns de Chocolates Moreno**.**

A Feira da Faba terá tamén animación musical de rúa con César Freiría, máis coñecido como **o home orquestra Cé Orquestra Pantasma** -11.30 h- e a partir do mediodía tamén se poderá degustar unha **saborosa fabada** elaborada pola **A.VV. de Labacengos** que coa **A.VV. Val de Moeche** colabora na organización do evento.

Asembleas veciñais

Durante a primeira metade de novembro celebraremos en todas as parroquias as asembleas veciñais. Van xa polo terceiro ano e nelas podes presentar as túas propostas de investimentos para encaixalas no Orzamento do Concello de 2018. Pistas que precisan un repaso, alumeados que cómpre amañar, servizos que se poderían mellorar... pero tamén maneiras de optimizar recursos e calquera outra idea que faga de Moeche un lugar mellor para vivir.

Para que as asembleas sexan produtivas -e para que saibades que tipo de propostas facer- é recomendable que traiades en mente asuntos que sexan de competencia municipal, que estean localizados en Moeche e/ou que teñan un custe aproximado que sexa asumible polo Concello.

No orzamento municipal incluiranse aquelas achegas que obteñan unha maior valoración, é dicir, aquelas que beneficien a un número máis elevado de persoas, as que satisfagan necesidades básicas, as que alcancen ou poidan alcanzar a máis dunha parroquia, as que impliquen á veciñanza na súa execución, as que sirvan para aforrar cartos ou enerxía ou aquelas que busquen axudarlle aos colectivos máis desfavorecidos.

As xuntanzas terán lugar nos locais sociais ás 20.00 h

San Xurxo, luns 13 no local do Pereiro.

Abade, mércores 15 no local social.

San Xoán, xoves 16 na Casa do Concello.

Labacengos, luns 20 no local social do Ventoeiro.

Santa Cruz, martes 21 no antigo local electoral.

NOVO CONSELLO LOCAL DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA

A mocidade ten moito que dicir

O Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) é un órgano de participación posto en marcha polo Concello pensando na xente nova, para que se implique na toma de decisións que nos afectan a todos como veciños e veciñas. É un espazo co que se lle dá voz propia e directa a un ámbito da poboación, o da rapazada, que case sempre queda á marxe cando se trata de deseñar políticas municipais que lles afectan.

En Moeche queremos que a xente nova fale e fale alto e que se sinta responsable do futuro do seu concello. Así, o CLIA estará formado por menores de entre 8 e 17 anos, elixidos democraticamente por outros mozos e mozas. A composición deste novo órgano é a seguinte:

Presidencia: a Alcaldesa ou o concelleiro/a en quen delegue

Secretaría: a Secretaria municipal ou a funcionaria/o en quen delegue

Vogalías: 20 nenos, nenas e/ou adolescentes, unha persoa en representación de cada grupo municipal, outra do CEIP San Ramón, dúas persoas pertencentes á ANPA e, por último, dous concelleiros ou concelleiras con responsabilidades en Cultura, Ensino, Normalización lingüística, Igualdade, Mocidade, Medio ambiente e Deportes.

Para a posta en marcha e seguimento do funcionamento do Consello Local da Infancia e a Adolescencia tamén se solicitará a colaboración dunha persoa representante de UNICEF, o organismo da ONU que outorga o recoñecemento de Concello Amigo da Infancia.

En breve coordinaremos co centro de ensino a elección e nomeamento dos diferentes membros do consello para empezar a traballar o antes posible falando e escoitando todo o que a cativería e a mocidade teñen que dicir.

Agora podes tramitar no Concello os cambios de domicilio no carné de conducir

O Concello acaba de sumarse ao protocolo asinado entre a Dirección Xeral de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para axilizar certos trámites relacionados co rexistro de condutores e de vehículos da DXT. Que significa isto? Pois que a partir de agora non será necesario ir á Coruña nin tampouco pasar por unha xestoría para facer algúns papeleos en Tráfico.

Así, desde xa mesmo, poderemos tramitar a través do Concello o cambio de domicilio no Rexistro de Condutores. Trátase dun cambio que debemos facer cando mudamos de casa e queremos que as notificacións nos cheguen ao novo enderezo.

Ademais tamén se poderá facer o cambio de domicilio no Rexistro de Vehículos da DXT, a través do que se determina onde deberá pagar cada ano o IVTM, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica tamén coñecido como a "rodaxe". Se, por exemplo, residimos en Narón e decidimos vir vivir a Moeche -onde a rodaxe é moito máis barata- é obrigatorio cambiar o municipio tamén no rexistro de vehículos de tráfico para que, ao ano seguinte, o recibo nos veña coa tarifa de Moeche e non coa de Narón.

CULTURA

25 DE NOVEMBRO

Día Internacional da eliminación da violencia contra da Muller

Co gallo do 25 de novembro, data na que se pon o acento na erradicación de todos os tipos de violencia contra das mulleres, o Concello de Moeche programa dúas accións que buscan concienciar a sociedade, pero tamén expresar o noso rexeitamento das desigualdades de todo tipo que aínda sofre a muller polo simple feito de selo.

MAXIA POLA IGUALDADE, CON FANI TRIANA

Data: sábado 18 de novembro – **Hora:** 19.00 h – **Lugar:** Centro Cultural Francisco Piñeiro (Trieiro, Abade)

Fani Triana é unha ilusionista que bota man de obxectos cotiáns, como a louza, as vasoiras e outros elementos do fogar utilizados como apoio da maxia, pero tamén da ruptura de estereotipos de xénero. Ata a propia sesión é rompedora e normalizadora, posto que é unha muller quen protagoniza o espectáculo coa axuda dun home -o tamén mago Martín Camiña-, invertindo deste xeito os roles que tradicionalmente se asocian á maxia.

CAMPAÑA "EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA"

Moeche tamén se suma a outros municipios e deputacións que promoven a campaña "En negro, contra a violencia" como un xesto de rexeitamento da violencia e a prol da igualdade real entre mulleres e homes.

Se queres unirte á campaña só tes que vir polo Concello e recoller unha bandeirola ou cartel para colocalos ben á vista na túa casa, como mostra de solidariedade coas persoas que sofren a violencia de xénero e que, non o esquezamos, son as mulleres pero tamén as súas fillas e fillos.

Alén destas campañas, todas e todos debemos ter conciencia dun problema que temos máis preto de nós do que cremos. Un problema social que cómpre afrontar con tolerancia cero como o que é, un problema da sociedade que trascende a casa de cadaquén. Por esa razón é importante que as vítimas denuncien (o teléfono 016 que non deixa rastro na factura é unha das vías). Pero tamén é importante que ninguén mire para outro lado e que saibamos ofrecerlle apoio ás mulleres e familias vítimas da violencia machista.

Tarde de Cine: "**Maimiño e o espello máxico**"

Maimiño conta a historia dun pequeno campesiño que quere sacar a súa familia da pobreza. Para iso marcha á cidade canda aos seus irmáns, onde descobren que un enorme carballo encantado ten o pazo real ás escuras e sen auga... Ese é o punto de partida dun conto clásico con maxia, reis, princesas e grandes retos que superar. "Maimiño e o espello máxico" é o único filme de animación infantil galego e en galego.Trátase dunha coprodución galego-cubana (Ficción Producciones e ICAIC de La Habana), baseada na adaptación do clásico Polgariño escrito por José Martí e publicado en 1889 na revista La edad de oro.

Data: domingo 5 de novembro _ **Hora:** 19.00h.

Lugar: C. Cultural Francisco Piñeiro (Trieiro, Abade). **Entrada:** gratuíta. _ **Colabora:** Rede Cultural da Deputación da Coruña

DEPORTE

DOMINGO 19 DE NOVEMBRO

Ruta de sendeirismo polas ribeiras do Mandeo

Estamos xa de cheo no outono. Unha época do ano que, co tempo que estamos tendo, convida a pasear pola natureza descubrindo as súas cores e as sombras que deita o sol neste tempo. Para o domingo 19 de novembro organizamos desde a área de Deportes unha ruta polas beiras do Mandeo que nos ofrecerá todo iso e moito máis.

As prazas son limitadas.

Faremos un itinerario de 10 quilómetros entre a área natural de Chelo e o miradoiro da Espenuca, en Coirós. É un percorrido de dificultade media-baixa apto para calquera idade. Recoméndase levar roupa e calzado axeitados, bebida e algo de comer.

Sairemos en autobús de diante do Concello a iso das 8.30h. para estar de volta antes das tres da tarde. As inscricións hai que facelas chamando ao 981 404 006 ou enviándolle un correo a daniel.feijoo@moeche.gal.

Prezo: 5€ persoas maiores de 12 anos e gratuíto para menores. Nese prezo inclúese o desprazamento e o seguro de accidentes.

PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO Espazo no Recinto Feiral





No anterior Andaina xa vos contabamos que o Concello tiña en proceso de contratación as obras de mellora do recinto da feira por un importe próximo aos 108.000 €. Pois ben, a ese procedemento financiado pola Deputación da Coruña presentáronse un total de 7 empresas e, entre elas, a adxudicataria foi Construcciones Saavedra S.L., quen ofertou facer o traballo por 79.860 €.

O proxecto é a primeira fase dunha actuación máis ambiciosa coa que queremos acondicionar as naves e o seu contorno co obxectivo de potenciar o recinto feiral como eixo socioeconómico do municipio.

Ademais desta obra, **o Concello tamén levou adiante nas últimas semanas acondicionamentos noutros puntos**.

Así, no local de Casabranca -a antiga biblioteca- amañouse o tellado e botouse tarima flotante no chan que, de seguro, fará máis cómodas as clases de Pilates que se están ofrecendo nese espazo.

No local social de Abade a principal mellora consistiu na instalación de calefacción -subvencionada con fondos europeos-, aínda que o que máis salta á vista é o pintado do interior do edificio.

Nas instalacións deportivas de Abade, instalouse un novo peche perimetral da pista de padel, substituíndo a malla de simple torsión por unha estrutura ríxida.

Dentro das actuacións das últimas semanas tamén hai que sinalar a **reparación do parque infantil** situado nos xardíns do Concello para adaptalo á normativa de seguridade europea e acondicionalo ante o deterioro que sufría.

Novos proxectos con fondos provinciais

Tamén queremos informarvos de que, ademais dos proxectos en marcha programados dentro do POS+, teremos financiamento provincial para levar adiante novas actuacións dentro dos denominados Plans complementarios 2016 e 2017. Eses plans nútrense de fondos procedentes das baixas económicas que se producen nas contratacións de obras. Dito doutro xeito, cos cartos que non se gastan fanse novas partidas para executar outros proxectos.

Moeche financiará por esta vía **tres actuacións cun importe de máis de 123.000 €**: a mellora da rede de iluminación pública ao longo da estrada de Ortigueira, cun investimento cifrado en 75.054,32€, a colocación de marquesiñas e novas bases de colectores do lixo en distintos puntos do concello 30.243€ e a instalación de contadores de auga nos principais ramais da rede de subministración de auga, ademais de chaves de corte en diferentes puntos, cun custe estimado de 18.000 €.

Os proxectos relacionados coa luz pública e coa auga están pensados para aforrar e optimizar recursos, nun caso reducindo o consumo eléctrico da luz pública e no outro axudándonos a saber o consumo real de auga e, sobre todo, a detectar e reparar fugas sen necesidade de cortar a subministración de auga potable.



Novos horarios do castelo

Desde o mes de outubro o Castelo de Moeche abre ao público tamén polas mañás durante toda a semana agás os luns todo o día e os martes, cando só abrirá á tarde. Esta ampliación de horario é posible gracias á contratación de persoal por parte do Concello a través dunha subvención de 12.000 euros recibida da Deputación da Coruña para promocionar os contidos do Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña.

Desta maneira todo o recinto aumenta en 30 horas semanais o seu horario de apertura, fronte ás 14 habituais no tempo de outono e inverno. A ampliación busca facilitar as visitas dos centros de ensino durante o curso trala inclusión do castelo no programa de Turismo Escolar da Deputación da Coruña.

Os martes a entrada será gratuíta polas tardes coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, tal e como se acordou no pleno do pasado mes de agosto.

Para concertar visitas guiadas de grupos ou obter maior información cómpre chamar ao 981 404 006 ext. 2

Resumimos os horarios no seguinte cadro:

OUTONO-INVERNO 2017/2018	
Luns	pechado a menos que sexa festivo
Martes	de 15.30 a 19.30 h a menos que o luns fose festivo, en que se pasará para este día a xornada de descanso
Mércores, xoves e venres	de 11.30 a 13.30 h e de 16.00 a 19.00 h
Fins de semana e festivos	de 11.30 a 14.00 h e de 16.00 a 19.00 h (agás 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro)

ACTIVIDADES DAS ENTIDADES VECIÑAIS

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LABACENGOS

A asociación de veciños de Labacengos ofrece varias actividades para as próximas semanas, marcadas en case todos os casos pola época do ano na que nos encontramos. **Obradoiros de artesanía, teatro, música, encontros tradicionais, etc.** compoñen unha programación cargada de propostas para todas as idades. Tomade nota.

OBRADOIRO DE FABRICACIÓN DE ÁLBUMS DE SCRAP

Scrap é unha palabra inglesa que significa "recorte" e, por extensión, tamén lle dá nome a unha técnica de manualidades coa que se forran libros e álbums botando man de anacos de papel e outros elementos, como cordeis, goma eva, pegatinas, etc. O obxectivo deste obradoiro é mostrarnos a técnica para facer dunha forma barata e vistosa pezas únicas nas que gardar os nosos recordos fotográficos

Datas: venres 3 e sábado 4 de novembro
Hora: 17 a 20.30 h
Lugar: Local sociocultural de Abade
Prezo: 10 €

OBRADOIRO DE FLORES CON FOLLAS DE MILLO

A plana do maínzo foi noutro tempo moi valorada como recheo de colchóns -era o que había- e como unha materia prima coa que facer bonecas. Agora está vivindo un rexurdir a través da artesanía -temos preto de nós a experiencia das Lolas da Cascarilla- pola cantidade de detalles que se poden facer con estas follas unha vez secas e despois de tintalas. Diso vai o curso que ofrecen en Labacengos, onde aprenderemos a facer flores espectaculares coas que deseñar broches ou incluso centros de mesa que nos durarán toda a vida.

Data: sábado 18 de novembro **Hora:** 16.00 h

Lugar: Local sociocultural de Abade

Colabora: Concello de Moeche

XIII ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LABACENGOS E II TARDE SOLIDARIA

O encontro veciñal contará cunha **representación de teatro** subvencionada pola Rede Cultural da Deputación da Coruña e, ademais, aproveitarase para facer unha recollida de alimentos cun longo periodo de caducidade que despois se lle doarán ao Banco de Alimentos. As persoas asistentes poderán degustar un chocolate con churros ao remate.

Data: domingo 19 de novembro

Hora: 17.00 h

Lugar: O Ventoeiro

XII FESTA DA ESFOLLA

A tradición de esfollar o maínzo convértese nunha festa de preservación da tradición e de reforzo dos vínculos veciñais. Haberá xantar popular, a esfolla á procura dos reis entre as mazarocas e música co grupo tradicional Andarivel.

Data: sábado 25 de novembro

Hora: a partir das 14.30 h

Lugar: O Ventoeiro

Colaboran: Concello de Moeche e Rede Cultural da Deputación da Coruña.

A.VV. Val de Moeche

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS VAL DE MOECHE

Val de Moeche tamén organiza varias actividades, aínda que neste caso cómpre reseñar os dous cursos que xa teñen en marcha, un de cestaría e outro de bailes latinos.

CURSO DE CESTARÍA

Pensado para iniciarse neste labor tradicional xa en desuso pero que algunhas persoas aínda manteñen vivo. O curso xa botou a andar, aínda que se pode empezar en calquera momento. O prezo son 10€ mensuais para as persoas socias e de 12€ para as non socias.

Datas: todos os mércores desde o 4 de outubro

Horario: de 17 a 19.00 h

Lugar: Local social do Pereiro

BAILES LATINOS

Tal e como están hoxe as festas patronais, capitalizadas polos ritmos procedentes da outra banda do Atlántico, quen queira lucirse durante o verán debe aplicarse a fondo durante o inverno. Iniciarse na bachata, no merengue, na salsa e noutros bailes semellantes é o obxectivo destas clases que se ofrecen os sábados desde hai uns días no local social do Pereiro, cun prezo fixo de 20€ ao mes.

Datas: todos os sábados desde o 7 de outubro. **Horario:** 19.30 h
Lugar: Local social do Pereiro

FESTA DO MAGOSTO

A oferta do Val de Moeche péchase co Magosto do sábado 4 de novembro, onde haberá xantar popular e actuación da rondalla "Trasnochadores del Eume". O prezo é de 8€ para persoas socias e de 12€ para non socias. Os nenos e nenas de menos de 12 anos, gratis.

Data: sábado 4 de novembro. **Hora:** a partir das 14.00 h. **Lugar:** Local social do Pereiro.
Tanto para apuntarse no magosto como nas outras actividades hai que chamar aos teléfonos 981 404 107 ou 696 944 914.

ESCUDERÍA MOECHE

O percorrido pola oferta cultural e lúdica das entidades veciñais rematámolo falando da IV Ruta Turística da Escudería Moeche, que se celebrará o sábado 4 de novembro en horario de tarde-noite con saída desde o restaurante Casa Tembrás, na Pena de Eiriz. Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados e tamén para o mellor entre os vehículos históricos (máis de 25 anos). Cómpre lembrar que a ruta turística é iso precisamente, un paseo visitando varios puntos da comarca no que non se premia a velocidade, senón a regularidade. Ademais, este encontro co automobilismo tamén é puntuable para o Open de Rutas Turísticas Ferrolterra 2017.

Data: sábado 4 de novembro. **Horario:** saída de tarde, consultar www.escuderiamoeche.com
Saída: desde Casa Tembrás, na Pena de Eiriz. **Inscricións:** ata o 1 de novembro no Bar Xambas

CREACIÓN DA AGRUPACIÓN OPERATIVA RADIO AXUDA (AORA)

Acaba de nacer unha nova asociación en Moeche. Denomínase AORA e xorde a partir da idea de varios veciños e veciñas que consideran necesario un servizo de voluntariado nos eventos e actividades que se desenvolven no territorio co obxectivo de botar unha man na prevención de emerxencias, cubrindo aspectos básicos da seguridade en grandes eventos e aglomeracións de xente -o 23 de abril ou o Irmandiño, por exemplo- e colaborando cos servizos oficiais e de protección civil.

Esta asociación de voluntariado busca xente que teña ganas de axudar e de implicarse coa seguridade de feiras, probas deportivas, etc. Se te animas podes contactar coa asociación a través dos seguintes teléfonos:

696 617 645 (Fran) – 686 576 855 (José Andrés "Tendi") – 620 830 614 (Jose)

Tamén podes dirixirte ao Concello ou ao correo deportes@moeche.gal, onde che facilitaremos máis información sobre esta interesante iniciativa.

MOECHE CONCELLO

ANPA DO CEIP SAN RAMÓN

Festa infantil do Samain

Espectáculo musical e divertido para celebrar o terrorífico Samaín, a música das Parábolas de Paco Pakolas e a seguir xogos entretidos con **ITA Animación**. Ao remate chocolate con doces.

Data: 4 de novembro. **Hora:** a partir das 16.30 h **Lugar:** Castelo de Moeche
Colabora: Concello de Moeche

impreso en papel 100% reciclado